



CONCELLO DE REDONDELA

R<sup>a</sup>.:SECRETARÍA

Expediente: 1456/2018

## RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

### ANTECEDENTES

O Concello de Redondela conta con catro praias cualificadas como aptas para o baño pola Administración competente (Cesantes, Cabanas, Rande e Arealonga), que deben dotarse de un instrumento regulatorio que advirta e lembre á cidadanía e usuarios en xeral cales son as regras básicas do seu libre uso e disfrute.

Esta Alcaldía, no exercicio da competencia sinalada no apartado e) do art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, apartado f) do art. 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e art. 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aprobou o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, ven en dictar o seguinte:

### RESOLVE

Primeiro.- Dictar o Bando sobre o uso e disfrute das praias do termo municipal de Redondela que figura como anexo da presente Resolución

Segundo.- Ordenar a súa publicación a través da Sede Electrónica e do Taboleiro de Anuncios do Concello, así como que polo Departamento de Medio Ambiente se lle dea a difusión necesaria para o coñecemento pola cidadanía.

Documento asinado electronicamente



## Bando

### Uso e disfrute das praias do termo municipal de Redondela

Ante o constante incremento de persoas usuarias que, polos seus atractivos e a calidade dos seus servizos, están a ter as praias municipais, pode resultar do maior interese contar con un marco normativo de referencia que se vaia adaptando aos cambios nos usos sociais, nos estándares de accesibilidade, seguridade e protección ambiental, e que defina unhas regras básicas dirixidas a garantir a máis ampla, inclusiva e accesible utilización do recurso natural que constitúen as praias do Concello, e máis en concreto aquelas que están cualificadas como zonas aptas para o baño polos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia (Cesantes, Cabanas, Rande e Arealonga) FAISE SABER:

#### 1.- TEMPORADA DE BAÑO.

Agás que outra normativa de rango superior determine outra cousa, a temporada de baño comezará o día 1 de xullo e rematará o 30 de setembro de cada ano. Isto non impedirá que aqueles servizos relacionados coas praias que se consideren de interese para a cidadanía poidan ter un tempo de prestación maior.

#### 2.- LIMPEZA E RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Durante a temporada de baño realizarase un servizo diario de limpeza dos areas, con emprego de medios mecánicos e manuais axeitados e dirixidos a minimizar o impacto sobre o espazo natural.

Todos os titulares de propiedades, dereitos ou instalacións autorizadas que xeneren residuos que poidan afectar aos areas e a súa zona de influencia deberán retiralos coa maior dilixencia posible, especialmente na temporada de baño, utilizando os medios de recollida que o Concello e outras Administracións establezan no área.

O Concello atenderá as demandas de colaboración que tales titulares poidan plantexar ante calquera circunstancia que mereza especial consideración.

#### 3.- ACCESO CON ANIMAIS DOMÉSTICOS ÁS PRAIAS.

Mediante os medios de sinalización necesarios informarase en cada praia da posibilidade ou prohibición de acceder con animais domésticos ás mesmas, en función das súas características e período do ano.

En todo caso os posuidores de calquera animal deberán proceder á inmediata recollida das súas defecacións.

#### 4.- PERNOCTACIÓN E ACAMPADAS.

Con carácter xeral queda prohibida a acampada en todas as praias do termo municipal, independentemente da duración e os medios que se utilicen.

Fora daquelas praias que contén con distintivo de Bandeira Azul poderase autorizar a pernoctación e/ou acampada con carácter excepcional para actividades de interese



CONCELLO DE REDONDELA

público, previa acreditación de tal interese en expediente tramitado ao efecto así como previa autorización sectorial das Administracións competentes.

#### 5.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

Nos arts. 90 e seguintes da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas e 191 e seguintes do seu Regulamento están previstas como infraccións os incumprimentos das normas citadas así como á imposición das correspondentes sancións que, no caso daqueles que resulten da competencia do Concello de Redondela, poden acadar un importe de 12.000 euros.